



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Intervención

Aprobación do listado de lecturas de consumo e liquidacións do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Bergondo correspondentes ó 4º trimestre de 2024

EDICTO E ANUNCIO DE COBRANZA

Con data 20 de xaneiro de 2025, a alcaldesa do Concello de Bergondo, Alejandra Pérez Máquez, ditou a resolución número 33/2025 que transcrita di:

“Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO LISTADO DE LECTURAS DE CONSUMO DOS USUARIOS DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS DO CONCELLO DE BERGONDO, CORRESPONDENTES AO 4º TRIMESTRE DE 2024, ASÍ COMO A LIQUIDACIÓN DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS PÚBLICAS NON TRIBUTARIAS QUE GRAVAN OS CITADOS SERVIZOS

EXPEDIENTE: 2025/G003/000037

ANTECEDENTES:

A empresa VIAQUA, Gestión Integral de Augas de Galicia S.A.U. presentou o día 20 de xaneiro de 2025, co número de rexistro de entrada 202599900000146, o listado de lecturas de consumo dos usuarios dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Bergondo, correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2024, así como a liquidación das prestacións patrimoniais públicas non tributarias que grava os citados servizos.

En cumprimento do disposto no artigo 10º da ordenanza n.º 13, reguladora da prestación patrimonial pública pola subministración de auga potable, pola acometida á rede xeral de abastecemento e á rede xeral de saneamento, así como pola prestación do servizo de rede de saneamento e depuración de augas no Concello de Bergondo, que dispón que as liquidacións pola subministración de auga potable e pola prestación do servizo de rede de abastecemento e depuración de augas residuais serán aprobadas rematado cada trimestre natural polo órgano competente do Concello, unha vez confeccionados os correspondentes padróns polo concesionario do servizo, tendo en conta as lecturas de contadores do devandito período, e en uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. Aproba-lo Padrón das prestacións patrimoniais públicas non tributarias pola prestación do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Bergondo correspondente ao cuarto trimestre do 2024 e expoñelo ó público mediante edito que se deberá publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, por prazo de quince días desde o día seguinte á correspondente publicación no boletín, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Aproba-las liquidacións que figuran no citado padrón dos abonados que constan no expediente desde A. Taibo S.L. ata Zitacuaro 2000 S.L., polo importe global de 356.856,47 € (326.086,39 € de liquidación e 30.770,08 € de canon de Augas de Galicia).

3. Contra as liquidacións incorporadas ao Padrón, tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses desde que se produza

a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente. Así mesmo, a repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

4. Que se poñan ao cobro os recibos correspondentes a tales liquidacións. O período voluntario de cobro será de dous meses desde o día seguinte á publicación no Boletín do citado edicto. O pago farase efectivo na oficina de Viaqua, sita en Ctra. Coruña, 6, Bergondo. Tamén existe a posibilidade de domiciliar o pago das liquidación en entidades financeiras. Transcorrido este prazo iniciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de prema e devengarase os correspondentes xuros do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan. Así mesmo, a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

En Bergondo, luns 20 de xaneiro de 2025

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

“

Dou fe; o secretario

Federico María Suárez Cancelo

Bergondo, 20 de xaneiro de 2025

A alcaldesa

Asdo.: Alejandra Pérez Máquez

2025/341